



BASES do concurso de Comparsas– Modalidade de Música y Letra– Entroido 2018

1. Poderán formar parte do concurso persoas ou entidades, con agrupacións dun mínimo de 10 participantes disfrazados para a ocasión, que previamente efectúen a súa inscrición mediante o envío dun correo electrónico a imce@coruna.es ou mediante a súa presentación nas oficinas do IMCE (Avda. da Mariña, 18, 15001 A Coruña), antes das 14:00 horas do venres 26 de xaneiro de 2018.

A inscrición deberá acompañarse do texto escrito en tamaño A4 e o arquivo sonoro dos dous temas a interpretar no concurso.

A participación de cada grupo consistirá en interpretar dúas cancións co oportuno acompañamento musical durante un tempo máximo de intervención de 4 minutos por canción.

O tempo máximo de permanencia sobre o escenario límitase a 15 minutos, incluídos os minutos de interpretación dos dous temas musicais.

Os temas non poden terse presentado en edicións anteriores do concurso.

2. Establécense os seguintes premios:

☐	PRIMEIRO PREMIO	1.500,00 €
☐	SEGUNDO PREMIO	1.200,00 €
☐	TERCEIRO PREMIO	800,00 €
☐	ACCÉSITS (*)	150,00 €

(*) O número de accésits dependerá do número de participantes, pero nunca será superior a 4, e serán outorgados a aquelas Comparsas que, segundo o Xurado, presenten unhas coplas acordos co espírito do Entroido.

3. A comparsa gañadora terá que interpretar en directo as dúas cancións do concurso, o venres 9 de febreiro as 21:00 horas no acto de entronización do Deus Momo que terá lugar no Obelisco. O resto das comparsas participantes, tamén deberán estar presentes no acto de entronización.

Para poder acceder a calquera dos premios é necesario participar no concurso, e formar parte do desfile de carrozas e comparsas que discorrerá desde Praza de Mina ata a Praza de María Pita o sábado 10 de febreiro a partir das 17:30 horas.

Así mesmo, as comparsas gañadoras actuarán, con todos os seus membros, no programa especial de radio Entroido 2017, que se emitirá en directo o martes 13 de febreiro de 12:20 a 14:00 horas desde o Campo da Leña ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar.

4. O concurso resolverase nun Festival que terá lugar o domingo 4 de febreiro ás 18:00 horas no Pazo da Ópera.

5. A orde de actuación será determinada pola organización.

No caso de que se reciban máis de 7 inscricións, realizarase unha selección previa por parte dos técnicos do IMCE.

6. O Xurado estará composto polo Ilmo. Sr. Alcalde - Presidente do Excmo. Concello da Coruña ou persoa na que delegue, cinco persoas de recoñecido prestixio e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

7. O importe dos premios quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece.

8. O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar as actuacións no Palacio da Ópera, para o que terá en conta a simpatía e agudeza das letras, a natureza da composición musical (orixinal ou non), a correcta execución da interpretación musical e a afinación e o axuste do conxunto coral.

O fallo do Xurado será inapelable.

9. A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.